


Os elementos do mapa

Nos mapas e planos aparecen diversos elementos que axudan a comprendelos. Os principais son:

- **Título.** Indica de maneira clara e breve o tema representado. En moitos mapas non é necesario porque esa información se inclúe na lenda.
- **Rosa dos ventos.** Permítenos orientar o mapa. Xeralmente, cando non aparece, a parte superior do mapa está orientada ao norte.
- **Coordenadas xeográficas.** Son as liñas imaxinarias que nos permiten establecer a posición concreta dun lugar sobre o mapa.
- **Lenda.** Recolle os símbolos e as cores que se empregaron no mapa, e permítenos coñecer o significado de cada un deles e, por tanto, facer a súa lectura.
- **Escala.** Mostra a relación do mapa coa realidade e permítenos coñecer as distancias e as dimensións dos territorios.
- **Rotulación.** Identifica de maneira xerárquica os lugares ou feitos máis destacados mediante o tamaño, a cor e o tipo de letra.



A elección destes elementos nun mapa require un proceso de selección previa que evite a excesiva información, a cal dificulta a memorización visual do mapa que ha de realizar o alumnado.

O tratamento da información que contén un mapa, ou, o que é o mesmo, a **síntese cartográfica**, é levado a cabo por especialistas na materia, como son os xeógrafos, os cartógrafos e os topógrafos.